

Noticia d'*Os Eoas* de Eduardo Pondal

Manuel Forcadela

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FORCADELA, MANUEL (2011 [2004]). “Noticia d’*Os Eoas* de Eduardo Pondal”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 209-220. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1230>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FORCADELA, MANUEL (2004). “Noticia d’*Os Eoas* de Eduardo Pondal”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 209-220.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Noticia d'Os *Eoas* de Eduardo Pondal

Manuel Forcadela

A epopea decimonónica Os Eoas, froito dun longo labor de indagación e introspección, foi culminada polo seu autor, Eduardo Pondal, e contra o que ata agora se cría, antes da morte deste. Trátase, xa que logo, dunha obra feita e non susceptible de ser constantemente reelaborada polos seus editores. O achado do documento definitivo, encontrado por Manuel Ferreiro, conduciu a redacción dunha edición anotada do texto que vai ser, en breve, publicada pola Real Academia Galega, acompañada de amplos estudos introductorios elaborados por X. R. Pena e Manuel Forcadela. Trátase dunha epopea simbolista, na que aproveitando as fondas raíces de alegoría a que conduce a tradición en que se inscribe, desde Homero ata Dante, o autor leva a cabo un proxecto de apropiación da personalidade de Colón para os seus propios intereses estéticos e ideolóxicos, construíndo o que, sen dúbida, será un dos capítulos máis salientables da tradición literaria galega moderna.

The 19th century epic poem, Os Eoas, the result of a laborious task of research and introspection, was completed by its author, Eduardo Pondal and, contrary to what was thought to date, before his death. This is, therefore, the result of a finished work that is not open to being constantly re-published by its editors. The finding of the final edition of the text, shortly to be published by the Royal Galician Academy, accompanied by lengthy introductory studies written by X. R. Pena and Manuel Forcadela. A symbolistic epic turning to the deep-lying roots of allegory, on which the tradition is grounded, from Homer to Dante, the author takes over the personality of Columbus for his own aesthetic and ideological interests, to construct what is undoubtedly one of the most striking chapters in modern Galician literary tradition.

Sen deixar de agradecer a todos vostedes a súa presenza, quixera, en primeiro lugar, manifestar o meu agradecemento á profesora Lia Schwartz e ao profesor Alejandro Alonso polo seu convite para estar hoxe aquí na espera de que a miña intervención de hoxe, e outras que vaia ter ao longo do mes de setembro, poidan compensar os seus esforzos e desvelos.

Tamén quero, como non podería ser doutra maneira, homenaxear ao noso querido e malogrado Xoán González-Millán, iniciador desa invitación que agora se culmina e con quen levei a cabo, ao longo dos meses previos á súa desaparición, un profuso intercambio de mensaxes electrónicas referidas case todas elas ao asunto que naquel momento parecía concitar toda a súa atención: o século XIX en Galiza.

Creo, pois, que este é o escenario e, probablemente, o público ideal para dar a coñecer algúns dos asuntos que suscitaron o interese de Xoán, sobre todo o referente á publicación do texto definitivo d'Os *Eoas*, o celeberrimo poema épico de Eduardo Pondal que, logo de anos e anos de intensa busca e investigación, por parte de diversos estudiosos e investigadores, vai saír finalmente publicado, nos próximos meses, en edición feita polos profesores Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Pena e quen lles está a falar, promovida pola propia Real Academia Galega.

Que sexa América e, ademais, a cidade de Nova York, o lugar para falar en primicia do gran poema colombino non é, pois, anecdótico, máxime cando outro ilustre morador outrora desta cidade, o profesor Amado Ricón, tentou, non hai moito tempo, levar a cabo, con desigual fortuna, semellante proxecto.

Partamos dunha obviedade. *Os Eoas* é (ou quere ser) un poema épico.

En primeiro lugar, se dicimos “é (ou quere ser)” é porque nada ten que ver a empresa que se acometa co resultado a que esa empresa dea lugar. Así que, en principio, deberíamos establecer unha diferenza entre ambos os dous aspectos:

- 1) o que o poema quixo ser, na mente do seu creador, e
- 2) o que o poema finalmente foi, tal e como hoxe nolo encontramos.

A diferenza entre ambas as cousas, o que o poema quixo ser e o que o poema finalmente foi, devolveranos unha imaxe ben lúcida da evolución da literatura e da impresión que a historia vai marcando nas obras literarias, malia a vontade dos seus creadores. En primeiro lugar porque é diferente o proxecto do resultado, e, en segundo lugar, porque a avaliación dese resultado está sometida ás tensións históricas, ás oscilacións dos gustos e das modas. Mais, aínda así, encontraremos con outra dificultade, xa que o primeiro dos termos sinalados, o que o poema quixo ser, non é algo que poidamos definir dun xeito unívoco, perfectamente explícito, senón que tamén está regrado en función da propia historia decorrida ao longo da redacción do poema, que no caso de Pondal durou máis de cincuenta anos¹. Así que máis que falarmos de “o que o poema quixo ser” deberíamos falar de “o que o poema foi querendo ser”, xa que o poeta non quixo facer o mesmo poema ao longo de todo este percorrido, e mesmo tívoo rematado en varias ocasións con vontades e solucións ben diversas. De termos en conta, aínda, que ao longo deses máis de cincuenta anos, a literatura galega, ademais de (re)constituírse como tal, atravesou unha serie de períodos moi varios que van desde o neoclasicismo residual dos primeiros románticos, ao propio romantismo, pasando polo realismo, de gran calado na nosa tradición decimonónica, e a presenza final dos movementos finiseculares, moi próximos xa do que vai ser denominado noutras tradicións cos epígrafes de simbolismo e modernismo, encontraremos, ademais, con que a análise desta obra supón outras moitas análises, que, sen dúbida, sobrancean, a estrita marxe destas páxinas. De tal maneira que este noso emprendemento de agora non ten máis interese que o de abrir un camiño que, sen dúbida, será percorrido con moito maior acerto por quen nos seguir, toda vez que a nós, arestora, só nos cabe establecer unhas primeiras pautas de análise dunha obra que, con certeza, vai ser motivo de especulación e interese dos analistas e teóricos da nosa literatura que deambularen polos anos e décadas vindeiros.

En segundo lugar, que digamos que *Os Eoas* é (ou quere ser) un poema épico ten por obxecto permitir adentrármolos nas peculiaridades desta obra a partir non só da definición do que é un “poema” ou tamén, e en segundo termo, de qué significa “épico” senón tamén do que significan estas dúas palabras en conxunto: “poema épico”. Entedemos que é un poema, en primeiro lugar, porque está escrito en verso, en versos medidos e rimados para máis detalles; estes versos combínanse en complexas estrofas chamadas oitavas reais; a súa linguaxe é “poética”, isto é, non convencional, o que implica que procura propositadamente establecer un contraste coa linguaxe coloquial de uso común, contraste que se establece basicamente en dous niveis, léxico-semántico e sintáctico, e porque obedece a unhas peculiaridades de autor, non só estilísticas senón tamén temáticas, que podemos denominar en con-

xunto “idiolecto”. Épico porque obedece aos seguintes criterios: é un longo poema narrativo centrado nun tema grande e solemne, contado nun estilo elevado e focalizado en figura heroica ou semi-divina, promotor dunha empresa transcendental para o destino da tribo, da nación ou da raza humana.

Na época en que Pondal leva a cabo o seu ousado proxecto, a épica carece do sentido social que nalgún outro momento da historia tivo, de maneira que o valor colectivo, o carácter religador da sociedade arredor das aventuras dun heroe ou dos relatos dunha guerra, son elementos que xa cederan o seu espazo a un novo elemento identitario da moderna épica: o individual. Así *Os Eoas* é, sobre todo, e máis alá do carácter social ou político que, sen dúbida, posúe o poema, unha epeopea do Eu, reacción acaso contra o devalar da historia nun momento en que a crise do eu e a crise da conciencia burguesa comezaban a furar no centro da mentalidade occidental, como unha toupa inquietante e mortífera. Así que *Os Eoas* fálanos, sobre todo, de dous Eus, o de Colón e o de Pondal, e, máis alá, fálanos de que o Eu existe, nun discurso de raíz liberal que sitúa o individuo no centro da súa especulación, ben que sexa para erixilo como eminente espectador, e tamén protagonista, dos destinos dos seus contemporáneos.

Este suxeito falante que se esforza por ser, encontra certamente o paradoxo do seu discurso no discurso mesmo, xa que a través de todas e cada unha das fases do poema, en cada un dos seus cantos, vai ser evidente que ese discurso que conforma o ser, que dá natureza a ese suxeito que se reivindica e se reclama, é un discurso non só emprestado senón tamén obsoleto, reciclado, tomado de aquí e de alá, nun percorrido pola historia da epeopea que é tamén unha aventura á procura da salvación do Heroe, non dun heroe concreto, senón do Heroe en tanto que arquetipo, modelo actancial, sobre o que se fundamenta unha boa parte da ideoloxía pondaliana, sempre tan precisada de aristocratismo, de distancia sobre a masa, de erguemento da súa personalidade visionaria por enriba dos mortais comúns e invidentes.

Resulta paradoxal, por tanto, que este percorrido á procura do Suxeito se faga, curiosamente, para fundamentar, mesmo dignificar, un colectivo: o pobo galego, o que dá unha idea do carácter peculiar dese suxeito, que se concibe a si mesmo, en gran medida, como representante dunha entidade nacional, e, xa que logo, da importancia identitaria da nación como formante da identidade do suxeito.

Diríamos que en Pondal se produce este singular proceso, a través do cal un individuo reconstrúe o seu Eu a través da indagación poética encontrando o elemento nacional como un dos alicerces identitarios en canto que suxeito, para logo, inmediatamente, en plena “crise do suxeito”, crise que, como sabemos, atinxirá a boa parte da literatura europea na súa transición do século XIX ao XX, proceder a deconstruír ese mesmo suxeito nun decantamento paulatino polo modelo ideolóxico finisecular e decadentista ao que o propio poeta non consegue ser alleo.

Así, Pondal procura manter en equilibrio unha balanza na que contrapesan dous grandes lastres estéticos e ideolóxicos: un, o realismo, do que toma algúns dos seus elementos de filiación peculiar a un país e a un tempo determinados e, dous, os movementos finiseculares que, de xeito antagónico ao realismo, rexistran o individualismo e a rebeldía do individuo fronte a ese colectivo, outrora empregado para a procura da súa propia identidade.

Así que esta épica de portas adentro, esta épica de salón, que Pondal constrúe esforzadamente ao longo da súa vida, concilia moi variados intereses, en oca-

sións abertamente contraditorios, que van desde o persoal ao colectivo, desde o estético ao histórico, para converterse nun documento excepcional sobre a vida dun home, Eduardo Pondal, e dun país, Galicia, nuns momentos moi delimitados das súas historias. Documento que adopta a forma da epopea, porque non podía ter adoptado calquera outra, levado sen dúbida por valoracións ideolóxicas que encontrarían o seu sustento nas poéticas neoclásicas das que o noso autor se nutriu e que eran de común circulación naqueles días. Así pois, esta ousadía de tentar a epopea equivale a tanto como tentar o regreso aos tempos idos, á Idade Dourada, ao Tempo dos Grandes Heroes, temas estes cos que Pondal especula, como se sabe, ao longo de toda a súa biografía.

Que esa nostalxia da Idade de Ouro coincida co momento en que se consolida a desfeita do Antigo Réxime en Galicia e que esa nostalxia teña lugar na mente de alguén que salienta como protagonista dalgúns dos feitos máis significativos da rebelión liberal en contra do absolutismo non deixa de ser, en certa medida, outro paradoxo. E velaí, sen dúbida, outros dos ideoloxemas pondalianos. Pero o certo é que Pondal, a diferencia de moitos dos seus herdeiros, non soñaba cunha Galicia regresada ao suposto “momento eterno” do Antigo Réxime, tal e como soñaron desde diferentes puntos de vista Otero Pedrayo e Vicente Risco, algunhas décadas despois, desde posicións acaso máis “arredistas” pero seguramente moito menos liberais, cando menos no caso do segundo. Entre outras cousas porque a especulación de Pondal sobre o cotián é mínima e, agás raras excepcións, escasamente aparecen no seu discurso mencións ao tempo coetáneo, feita como está toda a súa obra, tanto a épica como a lírica, en clave arqueolóxica, de reconstrución de determinados momentos históricos, sexan estes os tempos dos celtas ou a viaxe colombina.

Dalgunha maneira podemos dicir que nos anos derradeiros do século XIX asístese a unha reformulación teórica sobre a consideración que merece ou debe merecer a épica. Pondal e o seu entorno, formado por outros poetas tamén empeñados en empresas de semellante calibre, e pensemos en *Os Calaiicos* de Francisco Vaamonde Lores, ou en *Lenda de gromia* de A. García Ferreiro, ou en *Boicentril* de Tettamancy, botan man do xénero nunha loita destinada a potenciar o idioma e a recualificalo como lingua de cultura, merecente, por tanto, de ser normalizado e (co)oficializado; un idioma, xa que logo, destinado aos mellores destinos, ás máis altas empresas. A épica, dese xeito, sería en tanto que xénero (sometidos como están os xéneros a unha natureza epocal, de constante revisión que inutiliza para o presente aqueles que noutras épocas gozaron de grande éxito, e tamén a unha natureza cultural, que fai que xéneros que nuns lugares son merecentes de grande atención por parte do público sexan noutros espazos esquecidos e infravalorados), un xénero en decadencia ou, cando menos, en reformulación na época de Pondal. A súa (tentativa de) revalorización debe, por tanto, ser analizada en termos de época pero tamén en termos de espazo cultural.

Diríamos, daquela, que unha análise detallada da épica galega do século XIX lévanos cando menos á delimitación dunha serie das características que a singularizan en tanto que xénero:

Desde o punto de vista epocal:

- Épica finisecular, construída no marco das tendencias estéticas que agroman en toda Europa, e tamén en Galicia, a partir de mediados do século

XIX, aínda que sexan perceptibles tamén elementos conservadores que nola aproximan ao ambiente neoclásico.

- Partindo de modelos neoclásicos, evolúen cara a formas alegóricas e simbolistas nas que o carácter narrativo e didáctico da epopea tradicional muda cara a posicións moito máis ambiguas en canto ao seu significado.
- No contraste entre a España liberal e a España conservadora, xorde tamén o contraste entre o modelo unitarista e o modelo federal; as epopeas galegas da época sitúanse todas no ámbito da vindicación dun modelo federal para o estado.

Desde o punto de vista espacial:

- Épica das nacións e culturas en proceso de renacemento, tal é o caso de Galicia.
- O significado da alegoría global derivable da fábula que relatan ten que ver coa expresión de dignidade, coa (re)creación dun imaxinario histórico, coa enumeración de aspiracións políticas, coa vontade de redención, secesión, etc., do país.

Como se sabe, a historiografía e a literatura inmediata á morte do gran navegante tomou como base para as súas especulacións as biografías do fillo ilexítimo de Colón, Fernando Colón, e do Padre Las Casas. É con eles que se inicia a mixtificación e falseamento do personaxe á par que a súa mitificación. Numerosos trazos e nós argumentais empregados na descrición literaria de Colón están xa presentes aquí:

- o encontro cun navegante descoñecido que lle revela, antes de morrer, a posición do novo continente;
- a vitoria do Colón idealista que consegue triunfar sobre o concilio de Salamanca que aínda defende a idea de que a terra era plana, o que significa que Colón se converte nun símbolo do progreso científico e da racionalidade, fronte á superstición e á aceptación das ideas recibidas e a precariedade da ciencia sempre precisada de renovación e actualización;
- Isabel que vende as súas xoias para poder subvencionar a viaxe colombina;
- o motín da tripulación da Santa María aplacado por Colón coa promesa de regresar se en tres días non conseguen dar coa terra prometida;
- a morte de Colón na pobreza;
- o encontro entre Colón e os indios;
- os supostos amores entre Colón e a Raíña, por unha banda, e unha india, por outra.

Trátase de ver, por tanto, qué elementos tomados da vida real de Colón foron aproveitados e sobredimensionados pola literatura ao longo das épocas, para recrear o personaxe, convertendo a súa historia a un modelo literario, isto é, suxeito ás normas convencionais que rexen, ou rexían, na construción das tramas e da súa peculiar tensión narrativa. Como veremos, Pondal non é alleo a este proceso. Selecciona igualmente determinados momentos da viaxe, seguindo ou non a tradición anterior, e adapta as dimensións do personaxe ás súas propias medidas ideolóxicas.

Antes de Pondal, a vida do descubridor preséntase, fundamentalmente, como viaxe: cómpre agardar, ter paciencia, facer sempre novos esforzos para convencer á xente e acadar a terra desexada. Pero, tamén, e ao mesmo tempo, a dependencia

do poder político, fracasos, desilusións e intrigas, que se ve obrigado a soportar impotente. Con estas características, a estrutura do argumento colombino ten unha clara semellanza coa da Odisea, e Colón con Ulises.

Ao lado das numerosas adaptacións épicas xurdiron outras tantas adaptacións dramáticas, máis de corenta só nas literaturas románicas. En xeral trátase de series de imaxes que, de xeito moi estereotipado, extraen sempre os mesmos puntos culminantes da súa vida. Algunhas tentativas de presentar o destino de Colón partindo da súa morte non lograron con isto unha traxedia analítica senón tan só unha visión retrospectiva elexíaca. Resulta significativo que un elevado número de dramas procurase apoio na música, a pesar de que o número de óperas puras é moi reducido. Ao carácter básico épico únese deste modo un trazo melodramático, que queda tamén expresado nas numerosas adaptacións líricas do argumento (A. Chénier, C. Delavigne, Quevedo, Meléndez Valdés, R. De Campoamor, A. V. Platen, G. Heym, entre outros) [Frenzel 1976: 99].

Do aproveitamento literario da figura de Colón ao longo dos séculos XVI e XVII podemos concluír que se fundamenta sobre todo nunha disposición ideolóxica tendente a salientar o triunfo do cristianismo sobre o paganismo. Así acontece nas primeiras adaptacións épicas do argumento por parte dos italianos G. C. Stella (*Columbeis* 1589) e G. Giorgini (*Nuovo Mondo* 1596) seguidas no século XVII das obras de acentuación nacional e relixiosa de E. Pauntino (*Columbus*) e O. Ermesio (*L'Ammiraglio delle Indie*). E velaí que o poema pondaliano debería ser engadido a esta listaxe, toda vez que o tema do triunfo do cristianismo é un dos seus leit motivs máis salientables.

O primeiro español en adaptar a historia colombina para o teatro é Lope de Vega, que en 1604 publica *El Nuevo Mundo descubierta por Colón*. Lope bota man da escenificación de dous momentos clave na evolución do personaxe, o rexeitamento dos seus proxectos por parte de Inglaterra e Portugal e o suntuoso recibimento en España, logo da descuberta. O triunfo da luz da fé sobre as tebras da impiedade é, loxicamente, resaltado. Repárese en que eses mesmos símbolos, luz e tebras, serán máis adiante empregados para converter o personaxe xustamente no contrario do que agora se pretende: a luz da razón fronte ás tebras da superstición. Aínda que tratado con certa hipocrísia, trátase xa un dos temas que serán máis adiante desenvolvidos na literatura de raíz colombina: a crueldade dos conquistadores e o brusco enfrontamento entre os colonizadores europeos e os inxenuos indíxenas.

Un libreto de ópera do cardenal italiano P. Ottoboni (*Il Colombo ovvero l'India scoperta*, 1960, música de A. Scarlatti) degrada o descubridor a rival celeso dun rei negro, mentres que un texto anónimo da *Commedia dell'Arte* (1708) conserva a perspectiva relixiosa que corresponde á época: malos espíritos, inimigos do cristianismo, queren impedir a viaxe de Colón. Tamén a epopea escrita en latín do alemán A. Mickl (*Plus Ultra*, 1730) pertence en estilo e criterios aínda ao século XVII [Frenzel 1976: 99].

No século XVIII, e baixo a influencia de Jean-Jacques Rousseau, o desenvolvemento narrativo da epopea colombina vaise centrar sobre todo na figura dos pobos supostamente sen civilizar. Partindo dos presupostos ideolóxicos do xinebrino, en que fronte ao optimismo dos enciclopedistas se postula que as ciencias e as artes están a corromper os costumes e é por tanto preciso regresar ao home natural, ao home desposuído das sucesivas impurezas que a cultura foi adherindo ao home natural, o encontro de Europa con América, a través do encontro de Colón cos indios, é a historia do encontro entre a civilización corrupta e o home natural. O

propio Rousseau botou man do tema nun libreto sen moito interese da súa mocidade (*La découverte du nouveau monde*, 1740), unha historia de amor india, na que interveñen a aparición de Colón e a súa conquista; vencido pola noble actuación do cacique, Colón devólvelle a espada e o trono.

Baixo a influencia de Homero e de Milton o protagonista da epopea de J. J. Bodmer *Die Colombona* (1753) converteuse en axudante e instrumento de Deus. Máis semellante a Rousseau resulta F. Cerlone co seu *Colombo nelle Indie* (drama, 1769); aquí a figura de Colón encóntrase fundida coa de Cortés, Moctezuma convértese en nobre inimigo e posterior amigo do conquistador contra o que se alían traidores españois e conspiradores nativos. O melodrama de L. F. Comella e Villamiñana (1790) é o primeiro que empeza co regreso de Colón en grilletas, pero remata coa descubrimiento da inocencia de Colón e o perdón da raíña [Frenzel 1976: 99].

O século XIX supón a transformación do tema e a súa adaptación a novas necesidades estéticas e, tamén, especulativas que levan o personaxe a se converter nun modelo de heroe en certa medida diferente. Salientan neste sentido as diferentes seleccións de escenas e motivos tomados da vida do navegante:

- Colón como xenio e home cheo de fantasía, tal e como aparece descrito por Schiller, Washington Irving (*Life and Voyages of Christopher Columbus*, 1828), Lamartine, N. Lemercier e Luise Brachmann.
- A decisión de Granada, o motín da Santa María; o abandono das tres unidades clasicistas imposto polos románticos motivou a dispersión dos acontecementos no tempo; Lemercier, G. Gherardi d'Arezzo.
- Como reacción ao anterior, centrado nos acontecementos da chegada a América, antes e despois do desembarco, co obxecto de manter a unidade de espazo e, tamén, a unidade de tempo; así, R. Ch. De Pixérécourt no seu *Christophe Colomb ou la découverte du Nouveau Monde* (1815).
- A derrota de Colón por Bobadilla²; A. Kingemann, 1811.
- O sentido da responsabilidade de Colón espertado por unha rebelión dos indios.
- Colón como amante; amores supostos da Raíña por el; P. De la Escosura y Morrough, *La Aurora de Colón*, 1838; A. Ribot y Fonseré, *Cristóbal Colón o las glorias españolas*, 1840; Ch. L. Davesies de Pontès, 1869; as epopeas de J. Barlow, *The Columbiad*, 1807; B. Bellini, *Columbiade*, 1826; L. Costo, 1846; C. Pascarella, *Scoperta dell'America*, 1893; R. De Campoamor, *Colón*, 1853; S. Tobler, 1846.
- Incremento da carga da recreación historicista.

Unha primeira análise da estrutura da epopea colombina escrita por Pondal deberíanos levar a salientar en qué aspectos a escolla das escenas se afasta ou se aproxima á elaborada con anterioridade por todos os autores que compoñen a tradición deste peculiar subxénero temático. Pondal relata a partida de Palos e a chegada a América, no mesmo inicio e fin do seu poema, centrándose, xa que logo, na navegación. Así as cousas, e sabendo que a historia de Colón é suficientemente coñecida polos lectores, Pondal procede a facer unha disección da interioridade do personaxe, convertido en metonimia do seu país natal: Galicia. Esta renuncia a tratar aqueles aspectos máis convencionais do drama colombino non impide que deban ser tidos en conta á hora de elaborar unha valoración crítica da obra, toda vez que nesta han salientar non só aqueles aspectos que Pondal destaca do perso-

naxe senón tamén aqueloutros que, propositadamente, oculta. *Os Eoas* é, por tanto, unha singular adaptación da historia do personaxe colombino, e do seu mito elaborado a través da tradición literaria, aos intereses ideolóxicos pondalianos. Todo isto debe chamar a nosa atención, xa que, por baixo desta peculiar estratexia, ocúltase un principal protagonista que non é outro que a visión ideoloxizada da sociedade galega e española do seu tempo e a exposición de cales poderían ser as solucións para os seus problemas e conflitos. Colón convértese, por tanto, nunha mera anécdota dentro do percorrido pondaliano, unha desculpa sobre a que centrar a atención do lector para proceder a expoñer con detalle, baixo a aparente indefinición da linguaxe poética, un ideario político.

A natureza política do discurso pondaliano xunto coa coidada elaboración dos seus versos, a miúdo difíciles de ser interpretados, dada a proliferación de recursos formais que tenden a agachar as ideas baixo un manto de posibilidades interpretativas e ocultacións diversas, son elementos a termos en conta á hora de elaborarmos unha tipoloxía clara da súa mensaxe. En calquera caso, unha descrición desa mensaxe tería que contar con:

- O aristocratismo; a valoración do campesiñado como suposto portador da esencia dos valores nacionais non implica unha supeditación do poeta aos seus comportamentos e desiderátums políticos. Antes ben, son os elixidos, os preclaros, os dotados de estro, aqueles que deben guiar os camiños da patria.
- A literatura propia desa clase social chamada a ser a guía dos destinos do país ha ser, xa que logo, unha literatura de elite.

Queremos agradecer novamente, ao tempo que damos conta desta edición, que vai engadir un novo e succulento capítulo á Historia da Literatura Galega Contemporánea, a súa amable presenza e a súa atención.

NOTAS

- 1 López, María Teresa e Ferreiro, Manuel (1988): "Pondal publicou un adianto do que foron 'Os Eoas' no 1857" en *A Nosa Terra* 337. Igualmente en Ferreiro (1991: 23)
- 2 Francisco de Bobadilla (?-1502), funcionario colonial español, xuíz pesquisador e gobernador das Indias, que apresou a Cristovo Colombo e mandouno a España cargado de cadeas. Nacido en Aragón, descoñécese a data e o lugar. Era antigo criado da Casa Real e cabaleiro da orde militar de Calatrava. Noticias chegadas de La Española á corte sobre a rebeldía de Francisco Roldán, alcalde maior da illa, do descontento xeral de colonos e indios e certas actuacións pouco claras e ata desleais do almirante, en relación con algunha ocultación de ouro e perlas, decidiron aos Reis Católicos a destituír a Colón. O 21 de maio de 1499 nomeaban a Francisco de Bobadilla gobernador e xuíz pesquisador das Indias. A decisión era moi dura e por iso, a pesar do nomeamento feito, os reis tardaron case un ano en executalo.

Referencias bibliográficas

Aristóteles

1992 *Poética* (Edición trilingüe de Valentín García Yebra) (Madrid: Gredos).

Aristóteles

1998 *Retórica* (Madrid: Alianza Editorial).

Avalle Arce, Juan Bautista de

2000 *La épica colonial* (Pamplona: Eunsa).

Boitani, Piero

2001 *La sombra de Ulises. Imágenes de un mito en la literatura occidental*. (Barcelona: Ed. Península, HCS).

Carballo Calero, Ricardo

1975 *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).

Clement, Catherine

1997 "Inventaire des enfers religieux", *L'enfer*, París, *Magazine Littéraire* 356.

Columbus, Christopher

- 1962 *Diario de Colón; libro de la primera navegación y descubrimiento de las Indias* (Madrid).

Columbus, Christopher

- 1982 *Textos y documentos completos: relaciones de viajes, cartas y memoriales / Cristobal Colon*. Edición, prologo y notas de Consuelo Varela (Madrid: Alianza Editorial).

Ferreiro, Manuel

- 1991 *Pondal: do dandysmo á loucura (biografía e correspondéncia)* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Fernández-Armesto, Felipe

- 1992 *Colón* (Barcelona: Editorial Crítica).

Forcadela, Manuel

- 1995 *A poesía de Eduardo Pondal* (Vigo: Edicións do Cumio).

Frenzel, Elisabeth

- 1976 *Diccionario de argumentos de la literatura universal* (Madrid: Gredos).

Máiz, Ramón

- 1984 *O Rexionalismo galego. Organización e ideoloxía (1886-1907)* (Sada-A Coruña: Seminario de Estudos Galegos/Ed. do Castro).

Méndez Ferrín, Xose Luís

- 1993 "Os Eoas", en *A Trabe de Ouro* 14: 287-290.

Pena, Xosé Ramón

- 1999 "Pondal desde Os Eoas", en *A Trabe de Ouro* 37: 13-35.

Pondal, Eduardo

- 1992 *Os Eoas* (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. Limiar, transcripción, selección e notas de Amado Ricón Virulegio).

Pondal, Eduardo

- 1995 *Poesía Galega Completa I. Queixumes dos pinos* (edición de Manuel Ferreiro) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Pondal, Eduardo

- 2001 *Poesía Galega Completa II. Poemas impresos* (edición de Manuel Ferreiro) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Pondal, Eduardo

- 2002 *Poesía galega completa III. Poemas manuscritos* (edición de Manuel Ferreiro) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Ricón, Amado

- 1981 *Eduardo Pondal* (Vigo: Galaxia).

Ricón Virulegio, Amado

- 1992 *Eduardo Pondal. Os Eoas (Unha aproximación)* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).